

LACÓNICAS

· II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS ·



O Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) convoca as II Xornadas Gastronómicas do Lacón con Grelos – Entroido A Coruña 2017, de acordo coas seguintes

BASES

1. PARTICIPANTES

Poderán participar aqueles establecementos de hostalería da cidade de A Coruña, legalmente establecidos, que pola súa traxectoria profesional e proposta gastronómica encaixen na temática das xornadas, previa inscrición no prazo e forma establecidos nestas Bases.

2. DATA

As II Xornadas Gastronómicas do Lacón con Grelos – Entroido A Coruña 2017 celebraranse do **20 de febreiro ao 5 de marzo (ambos inclusive)**.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Todos os establecementos solicitantes deberán participar baixo o modelo de Menú Xornadas Gastronómicas do Lacón con Grelos.

Establecerase unha modalidade de participación: **Menú Tradicional**

Entenderase como Tradicional a proposta gastronómica clásica e popular da Laconada.

- Cada establecemento só poderá participar cun único menú.
- Todos os Menús deberán ser elaborados **principalmente con produtos galegos** e garantir un nivel adecuado de calidade.
- Todos os **Menús** deberán estar compostos por: Primeiro tradicional (sopa ou similar) + Principal Tradicional (laconada) + Sobremesa tradicional (filloas e/ou orellas) + Bebida (auga/refrescos/adega de denominación de orixe galega) + Café.

LACÓNICAS

· II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS ·



- Prezo do Menú deberá estar comprendido **entre os 15€ e os 30€** (ive incluído) por persoa.
- **Non se aceptarán cambios nas propostas de Menú** presentados polos establecementos nas súas solicitudes de participación.
- A organización reserva o dereito de non aceptar aquelas propostas que considere que non se axustan ás condicións descritas.
- Os establecementos participantes comprométense a **respectar as condicións e datas** establecidas para a celebración das Xornadas indicadas pola Organización.
- Os establecementos participantes comprométense a **ter de forma visible os elementos promocionais** achegados pola Organización.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a dar un **informe final do número de Menús vendidos** e colaborar coa enquisa de valoración das Xornadas.

Todos os establecementos solicitantes deberán presentar en tempo e forma a solicitude de participación.

4. PRAZOS E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O prazo de entrega das solicitudes de participación finaliza o **10 de xaneiro de 2016**, ás 14 horas.

As solicitudes serán enviadas ao correo electrónico:

xornadaslaconicas@gmail.com

Para mais información pode contactar coa oficina Técnica:

639 155 247 – 636 447 574

Poderán participar ata un máximo de **30 establecementos**.

LACÓNICAS

· II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS ·



As solicitudes de participación serán atendidas por orde de chegada.

A participación será gratuíta. A presentación da devandita solicitude non implica a aceptación de participación. Todas as solicitudes serán valoradas pola Organización, que aceptará aquelas propostas que mellor se adapten aos estándares de calidade das Xornadas Gastronómicas.

Os establecementos que incumpran algunha destas Bases non serán admitidos en posibles próximas edicións nin poderán participar en accións similares no futuro salvo decisión contraria do Consorcio.

A participación nestas Xornadas, implica a aceptación das presentes Bases.

A Coruña, 27 de decembro do 2016.

LACÓNICAS

· II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS ·



FORMULARIO DE INSCRICIÓN

NOME DO ESTABLECEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO

PERSOA DE CONTACTO (NOME E APELIDOS):

E-mail:

PÁXINA WEB:

TWITTER:

FACEBOOK:

INSTAGRAM:

Menú Tradicional

Primeiro tradicional (sopa ou similar):

Principal Tradicional (laconada):

Sobremesa tradicional (filloas e/ou orellas):

Bebida (auga/refrescos/adega de denominación de orixe galega) + Café:

Prezo (entre os 15€ e os 30€ -IVE incluído- por persoa):

Oferta para grupos :

Disponibilidade horaria: Todos os días- semana- fins de semana- comidas- ceas.

Solicito participar nas II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS – ENTROIDO A CORUÑA 2017.

LACÓNICAS

· II XORNADAS GASTRONÓMICAS DO LACÓN CON GRELOS ·



Asdo.: _____
(Selo e sinatura)

**Enviar cuberto por enderezo electrónico antes
do 10 de xaneiro de 2017 a xornadaslaconicas@gmail.com**